

En Boiro, sendo as 16:30 horas do día 24 de xaneiro de 2024, ten lugar a reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica no salón de actos do IES Espiñeira, coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Estado acordos en CCP anteriores: enquisa avaliación docente, plan dixital.
3. Repositorio material didáctico.
4. Rogos e preguntas.

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.

A Directora, María Ana Domínguez, informa que acta anterior non estaba subida á páxina web do centro, polo que se lle proporciona aos membros da CCP unha copia da mesma para a súa lectura. Apróbase por unanimidade.

2. Estado acordos en CCP anteriores: enquisa avaliación docente, plan dixital.

María Ana fai un repaso dos acordos aos que se chegaron na sesión de CCP anterior, para facer un seguimento da súa evolución. Estes son:

- *Boiro 360°*, proxecto que non foi adiante finalmente.
- Competencia dixital dos departamentos e formación do profesorado neste sentido.
- Aula de informática: pregúntase se a dispoñibilidade da aula é a adecuada para a actividade docente e coméntase que se creou unha folla de rexistro de incidencias e estado da aula.

3. Repositorio de material didáctico.

María Ana incide en que é interesante ter un aula virtual na que estea matriculado todo o profesorado e se dispoña de material de todas as especialidades. Isto pode ser especialmente útil neste momento no que un profesor que está de baixa non foi cuberto, como soporte para as gardas. A profesora Teresa Ferreirós realiza unha intervención na que indica que ela conta con material didáctico das distintas disciplinas, polo que se acorda que se compartirá co profesorado.

4. Rogos e preguntas.

Manuel Pimentel pregunta se se debe acadar un determinado nivel de competencia dixital para cobrar un complemento salarial. O profesorado presente non ten coñecemento polo momento desa medida. Realízase unha consulta á norma que regula esta cuestión, e confirmase que hai un prazo de 6 anos dende a publicación desta norma para acreditar o nivel B1 de competencia dixital.

Sendo as 17:00 horas, levántase a sesión.

A DIRECTORA

Asdo.: María Ana Domínguez Pérez



A SECRETARIA

Asdo.: Paula Muñiz Vilas





XUNTA
DE GALICIA

INSTITUTO EDUCACIÓN
SECUNDARIA
ESPIÑEIRA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE investe no teu futuro"

Lg. Espiñeira
15930 Boiro (Santa Baia)
☎ 881866630
✉ le.espiñeira@edu.xunta.gal
<http://www.edu.xunta.gal/centros/lesepiñeira/>



Ausentes:

- Picón Romero, Margarita.
- Piñeiro García, Xosé Lois.